

## O SERGAS modifica as condicións de traballo do persoal médico de familia por decreto



Utiliza a **Lei de Acompañamento dos orzamentos do 2022** para impor novas condicións laborais que **modifican as condicións de traballo do persoal médico de familia**.

**CIG-Saúde** rexeita esta decisión unilateral e denuncia a falta de negociación. Na Mesa Sectorial do 19 de outubro o único que fixeron foi tratar de validar este despropósito.

**CIG-Saúde** denuncia que, lonxe de dar resposta á situación da Atención Primaria, que era en teoría o obxectivo para o que se convocara a mesa sectorial, **“por presión sindical”**, o que fixo o SERGAS foi empeorar as condicións laborais **creando un novo posto de traballo das médicas e médicos de familia con dobre prestación de servizo: consulta ordinaria e PAC**.

### **Cubrir dous postos de traballo cunha soa médica/o de familia.**

Deste xeito, a consellaría de Sanidade vai incorporar na Lei de Medidas un artigo excepcional, cunha **vixencia de 5 anos**, a través do que crea este posto de traballo. Así, a partir da aprobación desta lei de orzamentos, **os e as médicas de familia que contrate o SERGAS estarán obrigadas, co mesmo contrato, a traballar nas consultas dos centros de saúde e facer gardas obrigatorias nos PACs**. É dicir, unha/un só médica/o vai cubrir dous postos de traballo.

**CIG-Saúde denuncia que non se pode facer unha atención de calidade con esta xornada de traballo**. E que resulta indecente que o SERGAS, durante os últimos 12 anos, non convocase as prazas de médicas/os de familia necesarias para atender a demanda asistencial, e que agora a súa medida estrela sexa empeorar as súas condicións laborais.

E non só se empeoran as condicións laborais do persoal, senón que **tamén se empeora a calidade da asistencia sanitaria**.

**CIG-Saúde rexeita completamente o cambio que o SERGAS fai na negociación colectiva**. É a primeira vez que utilizan a lei de medidas que acompaña aos orzamentos para modificar as condicións do persoal e anular os acordos existentes –negociados e pactados en mesa sectorial- e vixentes desde 2005.

**CIG-Saúde agarda pola publicación do texto da Lei para valorar se procede a súa impugnación e tomar outras medidas de acción sindical**.

